

Voyage, voyage Rosa Aneiros

Raquel colleu á súa amiga do brazo e suspirou. O aroma do chocolate e un cigarro separábana dos ollos de quen a escoitaba atentamente dende había horas. Esa fina brétema servíalle para evitar o pudor de se espir completamente. As derrotas nunca son doadas. E moito menos cando a batalla levaba tempo agoirada. Pero ela non quixo ver. Rafa deixouna cun simple “teño dúbidas” e aquel setembro que orballaba sobre os ombros non parecía disposto a curar as feridas. O verán fora un auténtico inferno e o novo curso non tiña traza de sequera limbo.

-Ola mozas.

Aquilo tiña que ser un pesadelo. Rafa, acompañado dunha rapaza excesivamente guapa, tropezara con elas na rúa sen que lles dese tempo a reaccionar. A amiga-confidente apurou comentarios sobre o tempo para varrer a friaxe, namentres a inimiga fuxía polos escaparates. As espadas de lume de Raquel e Rafa cruzábanse en silencio. Con absoluta violencia.

-¿Qué tal o verán? – dixo Rafa. Por dicir algo.

-Ben.

-¿Que tal de vacacións? –insistiu.

-Xenial -indicou Raquel- Estiven quince días en Tunicia...

-¿Tunicia? –As caras de perplexidade de Rafa e da súa amiga-consolo amosaban certa desconfianza.

-Si, claro, Tunicia. Tamén visitamos Nápoles, Roma e unhas pequenas illas gregas. Xa non acordo o nome... ¿Santorini? É que estivemos de cruceiro polo Mediterráneo. As noites en cuberta, e as mañanciñas de piscina ao saír o sol... A primeira parada da viaxe foi Túnez e durante catro días percorremos o norte do país. Eu tiña ganas de ir ao deserto, ao sur, pero non nos daba tempo. O zoco, o zoco impresionoume. Aínda teño o olor das especias e da chicha tatuados na pel e os rostros, milleiros de rostros desfilando rodeados de alfombras, de latón, de coiro, de roupa falsificada, de ouro de escasos quilates por aquel labirinto de regateos, adobe e espellos. Gustoume o contraste de burkas e túnicas coas camisetas escotadas das europeas que se trezaban no paseo marítimo de Sousse. Pero, con todo, o máis emocionante foi o berro do muecín de madrugada. Alá é grande, Alá é grande. Alá é grande. Alá é o único deus e Mahoma o seu profeta coreado dende todas as mesquitas da cidade. Como un salao cuspidor sobre un ceo de parabólicas. E o silencio denso da cidade santa de Kairouan, e os restos de Cartago no bico do mar, e o anfiteatro de El Jem no medio da nada cos ecos dos gladiadores rebotando aínda nos cóbados dos foxos. E a medina anil de Hammamet, e os mosaicos de sereas e neptunos do museo do Bardo. E Sidi-Bou-Said, a cidade branca dos pintores, coas súas buganvíleas e gaiolas de ferro rabuñando o doloroso cal das paredes inmaculadas. E o azul, ese azul do Mediterráneo mesturado no padal co sabor do te con améndoas e dos kebab e dos figos chumbos e do fume de mazá da chicha retorcida entre as pernas. Que delicia... pero non quero aburrirvos. Teredes presa. Outro día contareiche o do po dourado de Roma, e do seu ruído, e dos tendais atravesados por cancións de Nápoles e da calor glamurosa de Santorini... Pero isto será outro día ¿non?

-Claro... Rafa e a inimiga marcharon apresurados namentres o orballo de outono pingaba dende os cóbados ao remordemento.

A súa amiga mirouna incrédula:

-¿Tunicia?

-Canal Viajar.

E, tras un breve silencio:

-Que se foda. Por cabrón.

Raquel, no fondo e coma Sherezade, confiaba en que a súa historia continuase vivanamentres as palabras e as paisaxes seguisen fluíndo. Dende algún lugar recóndito do desexo.